

Sr. D. Ángel Víctor Torres Pérez

Ministro de Política Territorial e Memoria Democrática

INFORMACIÓN PARA O CATÁLOGO DE ELEMENTOS CONTRARIOS Á MEMORIA DEMOCRÁTICA NO CONCELLO DE PONTEVEDRA (26), DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (8) E CONCELLO DE VIGO (17)

(Artigo 36.2 da Lei de Memoria Democrática)

MANUEL MONGE GONZÁLEZ, con [REDACTED] A
Coruña, correo electrónico manolomongegonzalez@gmail.com e teléfono [REDACTED],

Presenta este catálogo de 51 elementos contrarios á memoria democrática no concello de Pontevedra, Deputación de Pontevedra e concello de Vigo en aplicación do que sinala o artigo 36.1 da Lei de Memoria Democrática (LMD): "A Administración Xeral do Estado confeccionará en colaboración co resto das administracións públicas un catálogo de símbolos e elementos contrarios á memoria democrática, incorporándose ao mesmo en todo caso os datos subministrados polas comunidades autónomas, e conterá a relación de elementos que deban ser retirados ou eliminados, nos termos do artigo 35". Por outra parte, o artigo 36.2 sinala: "**Poderán incluírse no mesmo aqueles elementos que se soliciten polas vítimas, os seus familiares** ou as entidades memorialistas, en defensa de seu dereito ao honor e a dignidade, ou resulten de **estudos e traballos de investigación**."

Presento este catálogo en calidade de vítima do franquismo por partida dobre. A nivel persoal porque en 1968 estiven mes e medio no cárcere de Basauri (Biscaia). En decembro de 1973 estiven dous meses no cárcere da Coruña coincidindo co *Proceso 1.001* contra dirixentes de CCOO. Pasei dúas veces pola Comisaría da Coruña. Fun despedido na ditadura do Colexio Tirso de Molina de Ferrol en 1973 "por faltas inxustificadas ao traballo" (estaba no cárcere) e despedido en 1974 do colexio público Ibáñez Martín de Ferrol "por orden gubernativa". E a nivel familiar porque nun pobo como Dueñas (Palencia) de 3.000 habitantes, onde vivían meus pais, foron asasinadas 125 persoas (25 delas mulleres) polo fascismo, despois do golpe militar do 18 de xullo de 1936 contra o goberno lexítimo da República. Entre esas vítimas había, polo menos, catro persoas da miña familia.

Como membro da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña (CRMH) e como sociólogo teño publicado traballos de investigación como o libro "Os restos do franquismo en Galiza. Exaltación, honras, privilexios e distincións a golpistas, franquistas e criminais" (*Edicións Laiovento* 2020).

SIMBOLOXÍA FRANQUISTA EN PONTEVEDRA (26)

Dende 1999, alcaldía de Miguel Anxo Fernández Lores (BNG), cambiáronse os nomes destas rúas: Paco Leis, Calvo Sotelo, General Mola, Bernardino Fondevila, Salvador Moreno, Vázquez Lescaille e Fernández Ladreda (Pleno de 16-3-2018). Retírouse o agúa imperial do lucernario do Banco de España.

A placa que había na Casa Consistorial da Praza de España para conmemorar a visita de Franco, que recibira os máximos honores, foi retirada en xullo de 2000. Decía esa placa: “Franco, Caudillo de España y Jefe de la Falange, visitó ese edificio del Concejo de Pontevedra el 27 de agosto del año 1944 y recibió la Medalla de Oro de la Ciudad”. Retírouse o 19 de outubro de 2015, por unanimidade, a Medalla de Ouro da Cidade a Francisco Franco, que recibiu en 1944. Tamén por unanimidade aprobaba poñer o nome de Amalia Álvarez Gallego, esposa de Alexandre Bóveda, a un parque en A Eiriña, inuagurado o 10 de febreiro de 2015.

A Asociación A Revira denunciaba xa en 2014 a existencia destes restos do franquismo en Pontevedra: escudo no exterior do CEIP Manuel Vidal Portela (antiga sede de Maxisterio), que foi retirado; placa co xugo e as frechas no lateral do edificio de Facenda que dá á praza da Estrela; placa na esquina da rúa Sagasta con Frei Xoán de Navarrete con esta lenda: “Delegación Nacional de Sindicatos. Grupo Virgen del Camino”; placa co xugo e as frechas franquista na rúa Perfecto Feijoo nº 5 “Casa Rosa” con esta lenda: “Delegación Nacional de Sindicatos. Grupo Santa Clara. 40 viviendas. Año 1961”; escudo franquista na porta da Audiencia Provincial, que continuaba despois dunha reforma realizada en 2004. O escudo franquista da antiga delegación do Ministerio de Información e Turismo na rúa Michelena foi deteriorado por un ataque anónimo con martelo o 20 de novembro de 2023.

A iniciativa da Confederación Intersindical Galega (CIG) cambiou o nome do Colexio Salvador Moreno de Educación Infantil e Primaria e de Ensino Secundario Obrigatorio, que depende do Ministerio de Defensa, por Sebastián Elcano. Luís Bará deputado do BNG no Parlamento Galego xa pedira o cambio de nome deste colexio porque “é unha anomalía histórica e unha falta de respecto ás vítimas do franquismo que se homenaxee a un militar golpista e xenocida”. En Marín, con alcaldía do PSOE, o IES Salvador Moreno pasaba a chamarse IES Illa de Tambo en 2008, previa aprobación polo Consello Escolar. En Pontevedra o IES Fogar Príncipe Felipe pasaba en 2010 a IES Montecelo e o CEIP Príncipe Felipe chámase hoxe CEIP Daría González García, mestra, galeguista, Tenente Alcalde, responsábel de Cultura de Pontevedra por Unidade Galega despois das primeiras eleccións municipais democráticas de 1979.

O Pleno de Pontevedra de 15 de febreiro de 2021 (votos a favor de BNG e PSOE), aprobaba o cambio de nome da avenida Juan Carlos I por Virxinia Pereira, esposa de Castelao.

Néstor Rego, deputado do BNG no Congreso presentaba unha iniciativa para que o Goberno central retire o escudo con simboloxía da ditadura do Pazo de Xustiza de Pontevedra, hoxe sede da Audiencia Provincial, en cumprimento da Lei de Memoria Histórica de 2007. Lembraba Rego: "Este non é o único exemplo de simboloxía fascista en Galiza, por iso, defendemos que o Goberno do Estado dea cumprimento a esta Lei. É preciso retirar todos os símbolos que perduran en edificios públicos, nomes de rúas e de institucións". Definía esta permanencia de simboloxía franquista como “anomalía democrática”; “Este Executivo ten que actuar con determinación" (*Europapres*, 29-1-2022).

O Pleno de Pontevedra de 18 de xullo de 2022, aprobaba cambiar o nome da rúa Marqués de Valterra (Pascual Díez de Rivera y Casares) por avenida da Praia de Estribela na parroquia de Lourizán (votos a favor de BNG, PSOE e un concelleiro non adscrito e abstención do PP).

O PP rexeita no Parlamento Galego todas as iniciativas para acabar coa simboloxía franquista. Así, a comisión de Xustiza e Interior debatía en xuño de 2022 unha proposición non de lei presentada polo PSdeG-PSOE, apoiada polo BNG, que demandaba elaborar un informe técnico onde se recollese toda a simboloxía

franquista presente na Galiza, así como a súa eliminación, instando á colaboración con outras Administracións. Foi rexeitada pola maioría absoluta do PP.

HONRAS E DISTINCIÓNS (10)

Fermín Gutiérrez Soto. Fillo Adoptivo (1939). Golpista, Capitán Xeral de Galiza na ditadura,

Salvador Moreno Fernández. Fillo Adoptivo (1942). Golpista, Almirante e ministro na ditadura.

Rafael Picó Cañeque. Fillo Adoptivo (1947). Militar golpista. Falanxista, Presidente da Deputación de Pontevedra na ditadura, procurador nas Cortes franquistas.

José Fernando Filgueira Valverde. Fillo Predilecto (29-4-1996). Alcalde de Pontevedra na ditadura, procurador nas Cortes franquistas, participante na represión.

Pio Cabanillas Gallas. Fillo Predilecto (20-1-1967). Procurador nas Cortes franquistas, Ministro de Información e Turismo na ditadura.

Manuel Castro-Ríal Canosa. Fillo adoptivo (6-12-1985) e Medalla de Ouro. Voluntario no exército sublevado en 1936.

Gonzalo Fernández de la Mora y Mon. Fillo Adoptivo (7-12-1972). Ministro na ditadura.

Ramón Encinas Diéguez. Fillo Adoptivo (30-1-1970). Falanxista, gobernador civil de Pontevedra na ditadura, procurador nas Cortes franquistas.

Ángel Ramírez de Cartagena y Marcaida. Fillo Adoptivo (16-8-1967). Combatente no exército de Franco e na División Azul. Capitán Xeral da VIII Rexión Militar (Galiza).

Juan Antonio Suanzes Fernández. Fillo adoptivo (24-1-1963). Ministro e Xeneral de División na ditadura.

MEDALLAS DE OURO (3)

Fermín Gutiérrez Soto (30-3-1960)

José Fernando Filgueira Valverde (7-6-1968)

Augusto García Sánchez (13-12-1974)

RÚAS (6)

Rúa Rafael Picó.

Rúa Profesor Filgueira

Rúa Javier Puig Lamas. Presidente da Deputación de Pontevedra na ditadura.

Rúa Alcalde Hevia. Alcalde na ditadura (14-6-1939/22-8-1942) e (6-2-1949/26-5-1952).

Avenida Augusto García Sánchez. Alcalde na ditadura (16-5-1970/1-2-1974)

Rúa Prudencio Landín. Alcalde na ditadura (1957-1959) e Presidente da Deputación de Pontevedra (1959-1963).

CRUZ DOS CAÍDOS, PLACAS (7)

Cruz dos Caídos, situada ao final de avenida Montero Ríos.

Escudo franquista no nº 23 da rúa Michelena (antiga Delegación do Ministerio de Información e Turismo).

Placa co xugo e as frechas franquista no lateral do edificio de Facenda.

Placa franquista na esquina da rúa Sagasta con Frei Xoán de Navarrete no “Grupo Virgen del Camino”.

Placa co xugo e as frechas na rúa Perfecto Feijoo nº 5 “Casa Rosa”, no Grupo Santa Clara.

Escudo franquista na porta da Audiencia Provincial.

Placa aos caídos no exterior da igrexa de San Benitiño de Lérez (mosteiro de San Salvador de Lérez), con esta inscrición: “Caídos por Dios y por España 1936-1939. José Calvo Sotelo. José Antonio Primo de Rivera” e 17 nomes máis. A romaría que se celebra nesta igrexa, con asistencia de miles de persoas, está declarada de Interese Turístico Galego dende 1998.

SIMBOLOXÍA FRANQUISTA NA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (8)

O Pleno da Deputación de Pontevedra (gobierno PSOE-BNG) de 1 de abril de 2016 aprobaba unha declaración, por unanimidade, para conmemorar 2016 como Ano da Memoria Histórica e retirar todos os símbolos e recoñecementos da ditadura franquista.

O Pleno de 29 de xullo de 2016 retiraba ao ditador Francisco Franco por aclamación (aplausos durante un minuto) a distinción de Presidente Perpetuo da Deputación de Pontevedra, concedida o 28 de agosto de 1952. Ademais, anulaba o acordo de 8 de xullo de 1950 que nomeaba Fillo Predilecto da provincia a José Calvo Sotelo; o acordo de 9 de xullo de 1951 que nomeaba Fillo Adoptivo da provincia a José Solís Ruíz, ministro na ditadura; o de 30 de xaneiro de 1960 que concedía a Medalla de Ouro da provincia a José Solís Ruíz; o de 25 de febreiro de 1973 que nomeaba Fillo Adoptivo a Pedro Nieto Antúnez, ministro na ditadura; e o de 7 de marzo de 1973 que concedía a Medalla de Ouro á “Sección Femenina de la Falange y de las JONS”. José Leal, deputado de Cultura e Memoria Histórica agradecía a proposta de Xosé Lois Jácome, deputado de Marea Vigo, pola proposta de retirada da distinción á Sección Feminina.

Por outra parte, no Ano da Memoria impulsada pola Xunta (PSOE-BNG), a Deputación de Pontevedra realizaba o 12 de novembro de 2016 un acto de desagravio e reparación aos cargos públicos e traballadores da institución vítimas da represión franquista, coincidindo co 80º aniversario do fusilamento de dous presidentes da institución en 1936 (Amancio Caamaño e José Adrio Barreiro) e dun membro da Comisión Xestora (Ramiro Paz Carbajal), colocándose unha placa conmemorativa no xardín.

A Deputación de Pontevedra concedía en 2021 axudas por un total de 23.000 euros para retirar simboloxía franquista de espazos públicos dos concello de Baiona, A Guarda, As Neves, Pazos de Borbén, Ponte Caldelas, Vilagarcía de Arousa, Salceda de Caselas e As Neves.

En xullo de 2022, sendo María Ortega Iñarrea deputada de Memoria Histórica, a Deputación de Pontevedra presentaba o libro “·Desmontando a propaganda franquista” no que colaboraban un numeroso grupo de historiadoras e historiadores.

Acababa o mandato dese goberno PSOE-BNG da Deputación de Pontevedra, despois das eleccións municipais de 2023, deixando sen retirar as seguintes distincións:

Rafael Fernández Martínez. Medalla de Ouro da provincia (16-6-1961). Falanxista, gobernador civil de Pontevedra na ditadura.

José González-Sama García. Fillo Adoptivo da provincia (23-4-1965). Falanxista, participa no exército sublevado en 1936, gobernador civil de Pontevedra e procurador nas Cortes franquistas.

Pio Cabanillas Gallas. Fillo Predilecto da provincia (31-5-1965). Ministro na ditadura e procurador nas Cortes franquistas.

José Luis Taboada García. Fillo Adoptivo da provincia (31-5-1965). Delegado Nacional de Provincias de Falanxe, gobernador civil de Salamanca.

Ramón Encinas Diéguez. Fillo Adoptivo da provincia e Medalla de Ouro (29-1-1970). Falanxista, gobernador civil de Pontevedra na ditadura, procurador nas Cortes franquistas na ditadura.

Gonzalo Fernández de la Mora y Mon. Fillo Adoptivo da provincia e Medalla de Ouro (15-12-1973). Ministro na ditadura.

José Luis Villar Palasí. Medalla de Ouro da provincia (20-3-1970)

José Fernando Filgueira Valverde. Medalla de Ouro da provincia de Pontevedra (28-2-2007). Alcalde de Pontevedra na ditadura, procurador nas Cortes franquistas, participante na represión.

SIMBOLOXÍA FRANQUISTA EN VIGO (17)

HONRAS E DISTINCIÓNS (7)

Antonio Pedrosa Latas. Fillo Adoptivo (31-5-1955). Fundador de Falanxe en Lugo, combate no exército sublevado en 1936, participante na represión, procurador nas Cortes franquistas.

Eduardo González-Gallarza Iragorri. Fillo Adoptivo (12-3-1954). Falanxista, ministro na ditadura.

Tomás Pérez Llorente. Medalla de Ouro (27-6-1962). Participa no exército sublevado en 1936. Alcalde de Vigo na ditadura, procurador nas Cortes franquistas.

Leopoldo Eijo y Garay. Medalla de Ouro (1-8-1948). Bispo franquista e falanxista.

Fray José López Ortiz. Medalla de Ouro (1963). Fillo Adoptivo (1-2-1964). Bispo franquista de Tui-Vigo.

Antonio Aranda Mata. Fillo Adoptivo (maio 1937). Participa no exército sublevado, Tenente Xeneral na ditadura.

CRUZ DOS CAÍDOS, ESCUDOS E PLACAS (6)

Cruz do Castro. Construída polo concello a petición da Falanxe, foi inaugurada por Franco en 1961.

Placas en edificios de vivendas promovidos polo Instituto Nacional da Vivenda (INV). Retirada unha placas na rúa Aragón 216, pero continúa a da rúa Ramiro Pascual, aínda que tapada pola maleza. Rúa Sanjurjo Badía nº 5.

Escudo franquista na sede de Aduanas co xugo e as frechas.

Escudo franquista na fachada do IES Santa Irene desde 1946. Non foi retirado e a Xunta decidiu tapar o escudo cunha placa de metacrilato.

Busto do rei Juan Carlos na entrada do concello.

RÚAS (4)

Rúa Ricardo Torres Quiroga. Participa no exército sublevado en 1936

Praza do Rei na entrada do concello (antes Campo de Granada).

Avenida Alcalde Portanet. Falanxista, alcalde de Vigo na ditadura

Rúa Marqués de Valterra. O II Marqués de Valterra, Pascual Díez de Rivera y Casares, participa no exército sublevado en 1936. Vicealmirante da Armada na ditadura.

Por todos estes motivos,

SOLICITA

Que se teña en conta o catálogo sinalado de 51 elementos contrarios á memoria democrática no concello de Pontevedra (26), Deputación de Pontevedra (8) e concello de Vigo (17), que presento como vítima do franquismo e investigador, para a súa incorporación ao Catálogo do Estado, segundo o artigo 36.2 da Lei de Memoria Democrática e que considero deberían retirarse en aplicación do artigo 35.1 da Lei de Memoria Democrática.

Axunto o ANEXO que amplía a información.

Reciba un cordial saúdo.

A Coruña, 30 de decembro de 2024.

Asdo. Manuel Monge González manolomongegonzalez@gmail.com



ANEXO

(Información recollida do libro de Manuel Monge OS RESTOS DO FRANQUISMO EN GALIZA. Edicións Laiovento, 2020)

Fermín Gutiérrez Soto. Fillo Adoptivo de Pontevedra (1939). Ten tamén a Medalla de Ouro (30-3-1960). Golpista, Capitán Xeral de Galiza na ditadura,

Fermín Gutiérrez de Soto (1897-1969) sumouse como comandante á sublevación franquista, participando na conxura militar xunto co coronel Luís Tovar Figueras na sublevación na Coruña en 1936, así como na Guerra Civil contra a II República. O tenente coronel Fermín Gutiérrez atopábase en 1939 desempeñando o cargo de xefe de Estado Maior do VIII Corpo do Exército de Galicia, sendo nomeado o 5 de setembro do citado ano, e con carácter provisional, xefe dese Estado Maior, como coronel habilitado. Anos máis tarde, nos últimos anos da década dos cincuenta, cando era tenente xeral, foi nomeado Capitán Xeral da VIII Rexión Militar con sede na Coruña. O principal mérito para a concesión da honra da cidade, foi ser precisamente Capitán Xeneral de Galicia (Informe da Comisión de Expertos para retirarlle a Medalla de Ouro da Coruña no Pleno do 1-3-2010).

Salvador Moreno Fernández. Fillo Adoptivo de Pontevedra (1942). Golpista, Almirante e ministro na ditadura.

Nado en Ferrol (14-10-1886) e falece en Madrid (2-5-1966).

Foi director do Polígono de Tiro Naval Janer de Marín de 1924 a 1931. Militar golpista, participa activamente na sublevación no Arsenal de Ferrol, apoderándose do cruceiro Almirante Cervera que, posteriormente, bombardeaba Xixón.

Xefe do Estado Maior da Armada (1937) e Ministro da Mariña (1939-1945 e 1951-1957). Almirante dende 1950. Foi un dos 35 altos cargos do franquismo imputado pola Audiencia Nacional por delitos de detención ilegal e crimes contra a humanidade no sumario instruído polo xuíz Baltasar Garzón (auto de 16 de outubro de 2008).

Como pago aos servizos prestados á ditadura, cando pasa á reserva en 1956 é nomeado presidente do consello de administración da Compañía Transmediterránea até o seu falecemento.

O Pleno de Ferrol do 2-3-1981, con alcaldía do PSOE, retiraba a rúa Salvador Moreno Fernández, que pasaba a chamarse Irmandiños. O Pleno do concello de Pontevedra de outubro de 2002 acordaba, a iniciativa do BNG e co apoio do PSOE, eliminar a rúa Salvador Moreno Fernández, que foi substituída por Rosalía de Castro, e outras catro rúas máis. Luís Bará, concelleiro de Cultura xustificaba así esta decisión: “Por estar relacionados co período histórico do levantamento militar da guerra do 36 e a represión. Estes cambios son un exercicio de xustiza e normalidade democrática”.

Quince anos despois, o presidente Rajoy seguía reivindicando unha rúa para este golpista e declaraba o 30 de novembro de 2017 nunha visita a militares españois en Costa de Marfil: “Viví muchos años al lado de la Escuela Naval de Marín, en la calle Salvador Moreno de Pontevedra.

Ahora, no se sabe por qué, le han quitado la calle al Almirante Salvador Moreno. Pero, en fin, yo le sigo llamando así”. Luís Bará cualificaba estas declaracións de Mariano Rajoy como “apoloxía do franquismo” e, por outra parte, como deputado do BNG no Parlamento Galego, pedía en 2018 o cambio de nome do colexio Salvador Moreno, que depende de Defensa, porque “é unha anomalía histórica e unha falta de respecto ás vítimas do franquismo que se homenaxee a un militar golpista e xenocida”.

Salvador Moreno Fernández figuraba no Panteón de Mariños Ilustres de San Carlos, no concello de San Fernando (Cádiz). Iniciado polo Ministerio de Defensa o proceso para a retirada dos seus restos, foron exhumados, a petición da familia, o 3 de agosto de 2024. Continúan nese Panteón os restos do seu irmán Francisco Moreno Fernández (Marqués de Alborán), tamén significado militar golpista. Madrid xa retirou a rúa Almirante Francisco Moreno en abril de 2017 e a Lei de Memoria Democrática retiraba o seu título nobiliario.

O Pleno de Málaga do 25 de xaneiro de 2018 acordaba “retirar todas las distinciones municipales que pudieran haberse concedido a cualquier figura de la sublevación militar de la Guerra Civil y de la represión de la dictadura” cos votos a favor do PSOE, Málaga para la Gente-IU, Málaga Ahora e Cs. Ese mesmo Pleno, alcaldía do PP, aprobaba por unanimidade unha moción sobre a memoria das vítimas do crime da estrada de Málaga a Almería (7 ao 12 de febreiro de 1937). Cando entra o exército de Franco en Málaga prodúcese a “desbandá” con máis de 100.000 persoas desprazadas. A poboación civil foi bombardeada desde avións e desde a escuadra sublevada, entre eles o acoirazado Canarias, comandado por Moreno Fernández, e o Baleares, provocando máis de 5.000 mortos.

Rafael Picó Cañeque. Fillo Adoptivo de Pontevedra (1947). Militar golpista. Falanxista, Presidente da Deputación de Pontevedra na ditadura, procurador nas Cortes franquistas.

Nado en Uceda (Guadalaxara) en 1895 e falecido en Pontevedra en 1984. Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos. Enxeñeiro Xefe do Porto de Pontevedra. Presidente do Casino de Pontevedra (1929).

Presidente da Deputación de Pontevedra (1942-1948). Gran Cruz do Mérito Naval (1944). Procurador nas Cortes franquistas (1946-1949), Presidente de Caja Pontevedra, fundada pola Deputación. Tivo que dimitir como presidente da Deputación en xuño de 1948, tres meses despois de que un maxistrado xuíz especial abrise un auto de procesamento por presuntos delitos de falsificación, estafa e malversación de fondos públicos en Caja de Pontevedra.

Picó Cañeque foi nomeado presidente da Deputación na ditadura polo Gobernador Civil Francisco Rodríguez Acosta-Irazábal, falanxista e comandante de Infantería, militar golpista e Xefe Provincial de Falanxe de Xaén en 1936, que morreu en 1972 co grado de coronel.

José Fernando Filgueira Valverde. Fillo Predilecto de Pontevedra (29-4-1996). Alcalde de Pontevedra na ditadura, procurador nas Cortes franquistas, participante na represión.

Militante do Partido Galeguista até maio de 1935, que encabeza unha escisión para constituír Dereita Galeguista por estar en desacordo coa política de alianzas coa esquerda que culminaría na Fronte Popular na II República. Alcalde de Pontevedra na ditadura (1959-1968). Profesor do Instituto de Lugo e posteriormente de Pontevedra (1940-1976). Director do Museo Provincial

(1942-1976). Membro numerario da Real Academia Galega (1942). Primeiro conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia.

Procurador nas Cortes franquistas até 1971. Participou na represión franquista como presidente da Comisión Depuradora do Maxisterio e como membro da Comisión de Depuración de Bibliotecas de Lugo.

Cando a Real Academia Galega dedica a Filgueira Valverde o Día das Letras Galegas 2015, esta era a opinión da Mesa pola Normalización Lingüística: “Unha persoa como Filgueira Valverde, que destacou por formar parte do réxime franquista, tanto como alcalde de Pontevedra como de procurador en Cortes, non pode ser obxecto de homenaxe”. “Un réxime que dirixiu os seus ataques máis feroces contra a lingua e cultura galegas, con consecuencias que, en grande medida, padecemos na actualidade”, segundo declaraba Marcos Maceira, presidente da Mesa.

Pio Cabanillas Gallas. Fillo Predilecto de Pontevedra (20-1-1967).

Procurador nas Cortes franquistas dende 1969. Ministro de Información e Turismo na ditadura no goberno de Carlos Arias Navarro (4-1-1974 a 24-10-1974).

Manuel Castro-Ríal Canosa. Fillo adoptivo de Pontevedra (6-12-1985) e Medalla de Ouro.

Médico cirurxián. Incorporouse como voluntario en 1937 ao Batallón de Zapadores nº 8 da Coruña, participando co exército sublevado de Franco na fronte de Asturias.

Gonzalo Fernández de la Mora y Mon. Fillo Adoptivo de Pontevedra (7-12-1972). Ministro na ditadura.

Nado en Barcelona (30-4-1924) e falece en Madrid (10-2-2002). Monárquico e con militancia na dereita máis reaccionaria. Cónsul en Frankfurt (1949), encargado de Negocios en Bonn (1949-1951) e conselleiro cultural da embaixada española en Atenas (1961-1962).

Ministro de Obras Públicas (1970-1974). Funda Unión Nacional Española en 1974 (Mariano Rajoy iniciou a súa militancia política neste partido), que se integra en Alianza Popular (AP) en 1976 (conseguiu a acta de deputado por Pontevedra por AP nas eleccións xerais de 1977), abandonando o partido despois do apoio á Constitución de 1978. En 1979 funda Derecha Democrática Española con Federico Silva Muñoz, partido de extrema dereita, e en 1983 a revista Razón Española. Sempre estivo en contra de todo tipo de reforma ou Transición, apostando pola continuidade do franquismo.

O concello de Santiago retiroulle a distinción de Fillo Predilecto o 19-7-2018.

Ramón Encinas Diéguez. Fillo Adoptivo de Pontevedra (30-1-1970). Falanxista, gobernador civil de Pontevedra na ditadura, procurador nas Cortes franquistas.

Nado en Ourense en 1918, falece en Pontevedra en 2014.

Avogado, fiscal en Xinzo de Limia e Verín. Conselleiro Nacional do Movemento e procurador nas Cortes franquistas por Ourense. Vicepresidente da Deputación de Ourense. Gobernador Civil e xefe provincial do Movemento de Pontevedra (1965), Huesca e Albacete. Xefe da asesoría xurídica de

Caixa Ourense e director xeral de Caixa Pontevedra. (*Información recollida do libro “Hijos Predilectos y Adoptivos de Galicia”, editado polo Grupo Correo Gallego en novembro de 2004*).

Como significado falanxista, gobernador civil e xefe provincial do Movemento, Ramón Encinas Diéguez tivo un importante protagonismo na celebración en Vilagarcía, o 17 de marzo de 1969, da fundación da Falange de Galicia, nun acto presidido por José Solís Ruiz, Ministro Secretario Xeneral do Movemento. O seu discurso é típico do fascismo da época, incluíndo unha referencia á imposición pola “fuerza” das súas ideas, é dicir, a represión de todas as persoas que non estaban de acordo co Movemento Nacional, o partido único.

Quince mil falangistas de toda Galicia, gentes del campo, de la montaña, de la mar, productores intelectuales, de todos los estamentos sociales, asistieron hoy en Villagarcía a los actos conmemorativos del XXXIV aniversario de la fundación por José Antonio Primo de Rivera de la Falange gallega.

En primer lugar, el gobernador civil de la provincia de Pontevedra, don Ramón Encinas Diéguez, pronunció un discurso en el que comenzó diciendo que las Falanges de Galicia estaban allí representadas, "convocadas al conjuro de un recuerdo y de unos principios políticos enunciados en aquel inolvidable 17 de marzo de 1935 por José Antonio”.

El gobernador civil de Pontevedra finalizó su discurso con las siguientes palabras: "Ministro: Los hombres de Galicia, aquí tan numerososamente representados, te manifiestan a través de mis palabras que estamos vigilantes y alertas, unidos en un solo haz, incommovibles en nuestra lealtad a los principios políticos de nuestro Movimiento y a nuestro Caudillo Francisco Franco, luchando y trabajando en todos los frentes en forma decidida para combatir tanta acechanza e imponer por la razón y, si preciso fuera, por la fuerza, los postulados de nuestra revolución nacional sindicalista. Arriba España". (Crónica publicada en *Nueva España* de Huesca, o 18-3-1969).

Ten medallas de Campaña, Cruces de Guerra, Orde do Mérito Militar, Encomendas de Cisneros e do Xugo e as Frechas.

Ángel Ramírez de Cartagena y Marcaida. Fillo Adoptivo de Pontevedra (16-8-1967). Combatente no exército de Franco e na División Azul.

O 30 de decembro de 1936 pasa á chamada “zona nacional” en Huesca, sendo destinado ao batallón de Ametralladoras nº4 e despois á Bandeira Sanjurjo da Lexión do exército de Franco. En 1941 intégrase na División Azul combatendo na fronte rusa e recibindo a Medalla de Campaña de Rusia.

Xeneral de División de Infantería, estivo ao mando da División Acoirazada Brunete nº 1 (8-5-1961 a 19-2-1965). Ascende a Tenente Xeneral en 1965, ocupando a praza de Capitán Xeneral da VIII rexión Militar (Galicia). Director Xeral da Garda Civil (de 14-1-1966 a 21-9-1967).

Juan Antonio Suanzes Fernández. Fillo adoptivo de Pontevedra (24-1-1963). Ministro e Xeneral de División na ditadura.

Marqués de Suanzes dende 1960, distinción retirada en aplicación da Lei de Memoria Democrática

En 1921 ascende a tenente coronel do Corpo de Enxeñeiros, sendo nomeado director do estaleiro de Cartaxena. Refúxiase como asilado na Embaixada de Polonia cando se produce a sublevación de 1936. En

marzo de 1937 fuxe nun barco desde Valencia a Marsella e entra por Irún na zona controlada polos sublevados, presentándose a Franco en Salamanca e ofrecendo os seus servizos ao exército golpista.

Ministro de Industria e Comercio na ditadura do 2 de febreiro de 1938 ao 11 de agosto de 1939. Coronel do Corpo de Enxeñeiros da Armada en 1940. Director do Instituto Nacional de Industria (INI) de 1941 a 1961. Novamente Ministro de Industria do 18 de xullo de 1945 a xullo de 1951. Ascendeu a Xeneral de División do Corpo de Enxeñeiros.

O Pleno do concello de Málaga do 29-11-2007, alcaldía de PP, retiráballe a distinción de Fillo Adoptivo e a Medalla de Málaga, concedida en 1962. O Pleno de As Pontes de xullo de 2017, alcaldía do PSOE, aprobaba unha moción presentada polo BNG para retirar a súa rúa. O Pleno de Puertollano (Cidade Real) de 29-3-2019, alcaldía do PSOE, retiráballe a Medalla de Prata e Brillantes, co voto a favor de PSOE e IU, concedida o 11 de abril de 1953, cando era presidente do INI. En 1978 “desapareceu” en Puertollano unha escultura inaugurado en xuño de 1967 con esta inscrición: “Puertollano al Marqués de Suanzes”.

Javier Puig Lamas. Rúa en Pontevedra.

Nado o 2-11-1869 e falece o 15-9-1941. Avogado e xornalista, redactor de “La Tierra”, director de “La Correspondencia Gallega”. Decano do Colexio de Avogados de Pontevedra dende 1931. Alcalde de 1909 a 1912 e deputado provincial de 1913 a 1923. O Pleno de 8 de xaneiro de 1962, sendo alcalde Filgueira Valverde, acordaba dedicarlle unha rúa.

Marea de Pontevedra presentaba unha moción para eliminar esta rúa, que xustificaba así: formou parte da Xestora da Deputación de Pontevedra, imposta polos militares, despois do golpe de Estado de 1936; presidente en funcións dende decembro de 1936 e presidente da Deputación de agosto de 1937 a outubro de 1938. Nese tempo había unha gran represión en Pontevedra. O Pleno da corporación de 29 de agosto de 2016 aprobaba a citada moción cos votos a favor de Marea e BNG, en contra de PP e abstención de PSOE e Cs.

Esta designación para un cargo claramente político da ditadura e como máxima autoridade provincial, era presentado nun artigo por Milagros Bará, por exemplo, como “cargo administrativo durante unos meses” para xustificar a permanencia da rúa, e cualificaba como un “exceso de la Memoria Histórica” a posíbel retirada da rúa deste presidente da Deputación.

É importante ter presente o aprobado en distintas institucións e os argumentos utilizados. Así, o Parlamento de Galiza aprobaba por unanimidade o 18 de xullo de 2016 (Xunta do PP) unha declaración institucional de “condena do golpe de Estado perpetrado por Franco o 18 de xullo de 1936, o réxime ditatorial consecuencia dese golpe de estado e os crimes e represións exercidas sobre as persoas vencidas”. Falaba tamén de “eliminar os símbolos, as denominacións e as referencias franquistas de rúas e edificios públicos”. Evidentemente, unha rúa que leve o nome dun Presidente da Deputación da ditadura é unha “referencia franquista”.

En cumprimento da Lei de Memoria Histórica, o Pleno da Deputación da Coruña de 26-10-2018, presidencia do PSOE, acordaba, sen ningún voto en contra, “instar aos concello da provincia a eliminar os restos de simboloxía franquista (escudos, insignias, placas, nomenclátor das rúas, inscricións etc) distincións, nomeamentos, títulos honoríficos e honores a golpistas, franquistas e demais formas de exaltación e enaltecemento individual ou colectivo da sublevación militar de 1936 e do franquismo, dos

seus dirixentes ou das organizacións que sustentaron o réxime ditatorial”. Non hai dúbida que un Presidente da Deputación era un dirixente da ditadura franquista.

As Xuntas Xerais de Biscaia, un equivalente á Deputación provincial, no Pleno de 29 de febreiro de 2010 (presidencia do PNV) “instan al Gobierno Vasco y resto de instituciones a que en el plazo máximo de tres meses a partir de la aprobación de la presente propuesta sea eliminado de cualquier espacio publico o institucional del territorio histórico de Bizkaia todo aquel elemento que haga referencia a la dictadura franquista en cualquiera de sus manifestaciones o a cualquiera de sus promotores, inspiradores o personas que ejercieron algún tipo de poder durante la misma”. O “poder” dun Presidente de Deputación na ditadura, como Javier Puig, está fóra de toda dúbida.

Tendo en conta os citados criterios, diversas institucións eliminaron as rúas de alcaldes, gobernadores civís, presidentes de deputación ou ministros. Así, o Pleno da corporación municipal de Valencia de 28-7-2016 (gobierno de Compromís e PSOE) retiraba a distinción de Alcalde Honorario a Adolfo Rincón de Arellano García, alcalde de Valencia (1943-1949) e presidente da Deputación de Valencia (1958-1969). E o Pleno da Deputación de Valencia de 18-7-2016, presidencia do PSOE, aprobaba por unanimidade (PSOE, Compromís, EUPV, PP, Valencia en Comú) retirar a Medalla de Ouro da provincia a Jesús Posada Cacho, gobernador civil de Valencia (1960-1962), pai de Jesús Posada, presidente do Congreso polo PP, e a Antonio Rueda y Sánchez-Malo gobernador civil de Valencia (1962-1973). Retiraba a distinción de Fillo Predilecto a Vicente Mortes Alfonso, ex-ministro da Vivenda (1969-1973); e a Medalla de Ouro a Manuel Lora Tamayo, ex-ministro de Educación (1962-1968) e a Jesús Romeo Gorriá, ex-ministro de Traballo (1962-1969). En todos estes casos perderon as distincións por ocupar cargos relevantes na ditadura.

O Pleno municipal de Bilbao (gobierno PSOE-PNV) de 27 de febreiro de 2014 aprobaba “retirar honores e distincións a persoas que foron significados franquistas durante o período franquista pola súa adhesión ou conivencia coa ditadura”. Ese acordo sinalaba que os nomeamentos dos 21 alcaldes durante a Guerra e a ditadura franquista (até 1979 que se celebran as primeiras eleccións municipais democráticas), son “ilexítimos” e retiraron todas as rúas e distincións a eses alcaldes.

O artigo 1.3 da Lei de Memoria Democrática sinala: “Repúdiase e condénase o golpe de Estado do 18 de xullo de 1936 e a posterior ditadura franquista, en afirmación dos principios e valores democráticos e a dignidade das vítimas. Declárase ilegal o réxime xurdido da contenda miliar iniciada con dito golpe militar”. Se o réxime era ilegal, serán tamén ilegais os nomeamentos de cargos públicos, como alcaldes e alcaldesas, gobernadores, ministros ou presidentes de Deputación, que non foron elixidos respectando principios democráticos. Moitas cidades –Madrid, Barcelona, Valencia, Sevilla, Bilbao, Pamplona, Cádiz etc– retiraron xa rúas e distincións a alcaldes e alcaldesas na ditadura, que conservan en Pontevedra e Vigo e noutros moitos concellos de Galiza.

Rúa Alcalde Hevia. Alcalde de Pontevedra na ditadura.

Remigio Hevia Marinas nado en Pontevedra (1884) e falecido en Palma de Mallorca (19-12-1957). Banqueiro, persoa de confianza do II Marqués de Riestra, levando gran parte dos seus negocios, entre eles a Banca Riestra.

Substitúe como alcalde de Pontevedra a Ernesto Baltar Santaló (21-5-1937/16-4-1939). Hevia foi alcalde de Pontevedra na Ditadura de Primo de Rivera (4-12-1928/febreiro 1930) e na ditadura franquista (14-6-1939/22-8-1942) e (6-2-1949/26-5-1952).

Avenida Augusto García Sánchez. Alcalde de Pontevedra na ditadura.

Decano da Facultade de Química da Universidade de Santiago. Director do Conservatorio de Pontevedra, presidente da Coral Polifónica de Pontevedra e da Sociedade Filarmónica.

Alcalde de Pontevedra na ditadura de 16 de maio de 1970 a 1 de febreiro de 1974.

Rúa Prudencio Landín. Alcalde de Pontevedra na ditadura e presidente da Deputación.

Prudencio Landín Carrasco, nado en Pontevedra (12-12-1912, falecido en Pontevedra (30-6-1988).

Voluntario no exército sublevado en 1936, alcanza o rango de tenente provisional, Ten unha importante folla de servizos á ditadura: alcalde de Pontevedra (1957-1959), presidente da Deputación de Pontevedra (1959-1963), procurado nas Cortes franquistas (1961-1963), gobernador civil de Guadalaxara (1963-1964), gobernador civil de Córdoba (1964-1968) e gobernador civil da Coruña (1968-1972).

Rafael Fernández Martínez. Medalla de Ouro da provincia (16-6-1961).

Avogado e falanxista. O BOE de 10-4-1956 recollía: “Decreto de 3 de abril de 1956 por el que se nombra jefe provincial de la Falange Española Tradicionalista y de las J.O.N.S. de Pontevedra al camarada Rafael Fernández Martínez”.

Foi gobernador civil de Pontevedra (1956-1961) e Xefe Provincial do Movemento, e de Tarragona (1961-1968), inaugurando en Tortosa o monumento franquista para conmemorar o 25º aniversario da Batalla do Ebro. Fiscal xefe da Audiencia Territorial de Oviedo.

José González-Sama García. Fillo Adoptivo da provincia (23-4-1965).

Avogado e falanxista. Nado en Langreo en 1916 e falece en Madrid en 1986. Participa na columna galega do exército sublevado en 1936, que “libera” Oviedo e despois combate nas filas de varias bandeiras de Falange.

Membro da Xunta Nacional da *Vieja Guardia*. Secretario Nacional de Información de *FET y de las JONS*. Procurador nas Cortes franquistas (1946-1967), Gobernador Civil de Tarragona (1951-1961), de Pontevedra (1961-1964) e de Zaragoza (1964-1969). Membro do Consello Nacional do Movemento. Presidente da xunta directiva da Federación Española Sindical de Armadores de Buques de Pesca.

Antonio Pedrosa Latas. Fillo Adoptivo de Vigo (31-5-1955).

Nace en Lugo (23-8-1916) e falece en Madrid (25-2-1990). Destacado falanxista e fascista. En 1932 fixo parte do grupo impulsor das mocidades da Unión Regional de Derechas en Lugo, participando en accións violentas contra as organizacións de esquerda, chegando a destacarse en 1932 como unha das persoas que ocupou o Concello de Lugo en oposición á lexislación relixiosa da II República.

Participa en 1934 na fundación de Falanxe Española en Lugo e na preparación do golpe militar do 18 de xullo de 1936. Voluntario nas columnas fascistas, foi o máximo responsábel da Bandeira de Falanxe de Lugo, tomando parte na ocupación de diversas vilas da provincia. Aparece sinalado en diversas publicacións como participante na represión en Lugo. Durante a Guerra Civil combateu no exército de Franco, chegando á gradación de tenente coronel de Infantería.

Procurador nas Cortes franquistas en todas as lexislaturas, excepto a segunda. Conselleiro Nacional e membro do IX e X Consello Nacional de FET y de las JONS. Afiliado a Alianza Popular (despois PP) cando chega a democracia.

O concello de Lugo retiroulle a Medalla de Ouro o 4-5-2015 e o concello de Viveiro cambiou en febreiro de 2018 o nome do *CEIP Antonio Pedrosa Latas* en Celeiro.

Eduardo González-Gallarza Iragorri. Fillo Adoptivo de Vigo (12-3-1954).

Nado en Logroño o 18-4-1898, falece o 24-3-1986. Falanxista, participa co exército sublevado en 1936. Xeneral de Brigada en 1941 e Xeneral de División en 1945. Ministro do Aire de 18-7-1945 a 25-2-1957.

Vogal da Xunta de Defensa Nacional. González Gallarza foi un dos 35 altos cargos do franquismo imputado pola Audiencia Nacional no sumario instruído polo xuíz Baltasar Garzón en 2008 polos delitos de detención ilegal e crimes contra a humanidade.

O alcalde franquista de Vigo, Tomás Pérez Lorente, entregoulle o pergamiño como Fillo Adoptivo o 25 de abril de 1954, día da inauguración do aeroporto de Peinador. Eduardo González-Gallarza tamén recibía en Bilbao en 1949 a “Medalla de Oro de la Villa” pola súa contribución á construción do aeroporto Calos Haya, pero o Pleno de Bilbao de 26 de febreiro de 2015 aprobaba (votos a favor de PNV e PSOE) revogar todos os títulos, premios e medallas outorgados polas corporacións franquistas dende o 19 de xuño de 1937 (día da “Liberación” de Bilbao polas tropas franquistas) até abril de 1979.

O seu fillo, Eduardo González-Gallarza Morales (ex JEMA), asinou o manifesto de militares en defensa de Franco, pediu a ilegalización de Podemos e foi denunciado por prevaricación en 2005 pola reordenación do escalafón da 41ª Promoción.

Tomás Pérez Llorente. Medalla de Ouro de Vigo.

Nado en Vigo (1901), faleceu tamén en Vigo (1-9-1962)

Enxeñeiro industrial militar, oficial de artillería. Ten tres cruces ao mérito militar. Durante a Guerra foi Delegado do Estado para a compra e distribución de chatarra en Valladolid ás ordes dos sublevados. Alcalde de Vigo na ditadura do 6 de febreiro de 1949 ao 18 de agosto do 1960. Procurador nas Cortes franquistas (1949-1961). Presidente da Cámara de Comercio de Vigo (1947-1959). Cando cesa como alcalde é recolocado polo franquismo como Conselleiro Secretario da Empresa Nacional Santa Bárbara de Industrias Militares.

Leopoldo Eijo y Garay. Medalla de Ouro de Vigo (1-8-1948).

Nado en Vigo (1878), falece en Madrid (1963). Moi comprometido coa sublevación ou golpe militar do 18 de xullo de 1936 contra o goberno lexítimo da República. Falanxista, foi “Consejero Nacional de FET

y de las JONS”, por designación de Franco, e procurador nas Cortes franquistas (1943-1946). Bispo de Tui (1914-1917), Vitoria (1917-1922) e Madrid-Alcalá (1922-1963), levando baixo palio ao ditador Franco. Asinaba en 1939 a carta colectiva dos bispos españois, que foi un auténtico apoio ao bando sublevado. Tiña estreita relación co Opus Dei e ordenaba en 1944 os tres primeiros sacerdotes da Obra..

O Pleno de Vigo de 30 de marzo de 2009 aprobaba por unanimidade, alcaldía do PSOE, cambiar o nome do Colexio Eijo y Garay de Coia por Illas Cies e os xardíns Eijo y Garay da rúa Areal por xardíns Eugenio González de Haz. O concello de Madrid, co voto a favor do PSOE, tamén retiraba a Medalla de Ouro a Eijo y Garay, en aplicación da Lei de Memoria Histórica.

José Ángel López Ortiz. Medalla de Ouro de Vigo (1963) e. Fillo Adoptivo (1-2-1964).

Nado en San Lorenzo de El Escorial (1898), falece en Madrid (1992). Frai José López Ortiz pertencía á Orden dos Agustinos. Catedrático de Historia do Dereito da Universidade de Santiago de Compostela (1933) e da Universidade Central de Madrid. De ideoloxía franquista e tradicionalista, despois do golpe militar de 1936 foi detido polo Fronte Popular e encarcerado na prisión de San Antón. Posto en liberdade pola mediación de Wenceslao Roces, Subsecretario de Instrución Pública, pediu asilo na embaixada de Rumanía. Foi nomeado polo Goberno de Franco asesor do Servizo de Defensa do Patrimonio Artístico Nacional o 11 de marzo de 1939. Bispo de Tui (1944-1959) e de Tui-Vigo (1959-1969). Simpatizante do Opus Dei. Arcebispo e Vicario Castrense de España (1969-1977).

Antonio Aranda Mata. Fillo Adoptivo de Vigo (maio 1937).

O coronel Aranda sublevouse en Oviedo o 19 de xullo de 1936 contra o goberno lexítimo e democrático da República, defendendo a cidade dos ataques das tropas republicanas, ascendendo a xeneral de Brigada cando acaba o asedio. Xefe da 8ª División Orgánica de Galicia dende o 31 de xaneiro de 1937 e Xefe do Corpo de Exército de Galicia. Cando acaba a guerra Aranda ocupa o cargo de Capitán Xeral de Valencia.

Así era recollida unha homenaxe de Vigo a Franco e ao golpista Antonio Aranda na reportaxe de Eduardo Rolland *Escenas de un desfile nazi en Vigo*:

El 26 de mayo de 1939, el ejército de Adolf Hitler hizo en Vigo una demostración internacional de fuerza con la despedida de la Legión Cóndor, la fuerza enviada por Alemania en apoyo a la insurrección del general Franco. Durante la Guerra Civil, aportaron su fuerza aérea a los sublevados, participando en abril de 1937 en el bombardeo de Guernica, la primera ocasión en la historia en que la aviación atacó a población civil.

El 23 de mayo, llegan a la ciudad olívica cinco trasatlánticos germanos para trasladar a las tropas. Mientras van llegando los más de seis mil soldados alemanas, repartidos en diez trenes, se suceden en Vigo los festejos, con homenajes a Franco y al general Antonio Aranda, al que se nombra hijo adoptivo de la ciudad.

Recordemos que, mientras se celebraba el desfile, en la cercana isla de San Simón había presos republicanos a quienes se “paseaba” y ejecutaba sin juicio, arrojando sus cadáveres a la ría.

El alcalde Suárez Llanos enviaba “afectuosos y fraternales saludos de Vigo al Führer”. En justa correspondencia, el alcalde recibía de Von Richthofen un retrato de Adolf Hitler, enviado expresamente por Hermann Goering como regalo a la ciudad.

Mientras tanto, los diarios no escatimaban elogios. Algunos redactores parecían entrar en trance: “bajo la suprema y providencial inteligencia del Caudillo Franco, salvó a España, a Europa y a la Civilización de la destrucción y de la muerte”, afirma la prensa sobre el general Aranda (*La Voz de Galicia*, 28-6-2018).

O concello de Sada xa retirou a rúa a este golpista en 2003.

Ricardo Torres Quiroga. Rúa en Vigo.

Nado en Tui en 1903, avogado, Alférez de Navío, ascende a Tenente de Navío en 1951.

A parte da Armada controlada polos militares sublevados en 1936, necesitaba especialistas, despois do asasinato de centos de profesionais e de tropa e de que moitos se amotinasen contra os seus mandos incorporándose á frota da República. Por iniciativa dun grupo de falanxistas residentes en Palma de Mallorca, constitúese dentro de Falanxe a *Legión de Flechas* (Cachorros de 6 a 9 anos; Escoltas de 10 a 13 anos e Vanguardistas de 14 a 17 anos), composta por nenos e mozos voluntarios que, previa selección, formarían a primeira escola de frechas navais en Baleares, creada o 19 de novembro de 1936, con rapaces de 14 a 17 anos. A Armada apoiaba esta iniciativa e o 2 de maio de 1937 inaugurábase oficialmente en Mallorca a *Escuela de Flechas Navales* no buque Unión, co Contralmirante Francisco Bastarache como director e Ricardo Torres Quiroga como subdirector e profesor de Organización Militar. A presenza destes frechas era frecuente en actos e desfiles da ditadura. Estas escolas convertéronse nun caladoiro de especialistas para a Armada, embarcados despois como sinaladores e radiotelegrafistas no Canarias, Almirante Cervera, Baleares etc. Nove destes frechas navais morreron no afundimento do Baleares por un torpedo da escuadra republicana.

Ademais da formación profesional e técnica, estas escolas difundían o ideario de FET de las JONS e por iso o director era unha xerarquía do Movemento Nacional. Había profesorado seleccionado por Falanxe e outros pola Armada. O condestable Torres Quiroga, suboficial da Armada especialista en artillaría, foi comisionado para poñer en marcha a Escola Naval de Sevilla na Torre del Oro (antes escola de frechas), encabezando o claustro de profesores, e despois a de Cádiz.

O condestable Torres Quiroga participaba como oficial axudante nun cruceiro de instrución de 600 frechas de escolas de todo o Estado, que parten de Cádiz o 13 de xuño de 1939 e regresa a ese porto o 17 de xullo dese ano. Acabada a Guerra créase o Fronte de Xuventudes (organización xuvenil de Falanxe) o 6 de decembro de 1940, e os frechas navais convértense na sección naval das xuventudes de Falanxe.

Torres Quiroga sería secretario xeral da Zona Franca de Vigo desde 1949 até 1963. Pasa á reserva como Capitán de Corveta o 28 de xuño de 1965.

Rafael Jesús Portanet Suárez. Rúa en Vigo.

Falanxista de primeira hora. Tenente alcalde de Vigo en 1938, preside a Comisión de Fomento e Montes; Delegado do Estado no Consorcio da Zona Franca en 1947. Alcalde de Vigo 1964-1970. Presidente da Caixa de Aforros Municipal de Vigo. Procurador nas Cortes franquistas (1965-1971).

En marzo de 1977, tres meses antes das primeiras eleccións xerais democráticas do 15 de xuño dese ano, celébrase o congreso de constitución de Alianza Popular (AP), despois Partido Popular (PP), promovido por seis ministros da ditadura. Presidido por Manuel Fraga, acaba con 3.000 congresistas en pé e gritando Franco, Franco, Franco! Rafael Jesús Portanet encabeza a candidatura de Coalición Democrática (CD) na

que participa AP, que consegue un escano por Pontevedra (37.046 votos, o 12,72%) nas eleccións xerais de 1 de marzo de 1979, cun desastroso resultado a nivel de Estado: 1 millón de votos (6,95%) e 10 deputados. Acompañaban a Portanet nesa candidatura: Fernando Garrido Valenzuela (nº 2) e Pablo Vioque Izquierdo (nº 3).

Fernando Garrido Valenzuela, enxeñeiro agrónomo, encabeza a candidatura de CD en Silleda nas eleccións municipais de 1979 e tamén encabeza a candidatura de AP por Pontevedra en 1982 nas eleccións xerais, sendo elixido deputado. O apartado “Los parientes de Alfonso Rueda” (libro de Manuel Monge “Feijóo, la cara oculta de un farsante”, Edicións Laiovento 2024) sinala algúns datos de Fernando Garrido Valenzuela e familia: “Rueda sigue la política de que la familia es lo primero, también para facilitarles trabajo, como recogía el artículo *Los Garrido Valenzuela, parientes de Alfonso Rueda*: “A su prima Irene Garrido Valenzuela, diputada por el PP en el Congreso, economista y docente de la Universidad de Vigo, alguien la nombró el pasado verano presidenta del ICO (Instituto de Crédito Oficial), un buen chupe en el madrileño Paseo del Prado. El hermano de la anterior, Fernando Garrido Valenzuela, que fue consejero de Agricultura entre 1984 y 1986, ocupa la prebenda de la presidencia del Parque Nacional de las Illas Atlánticas [nomeado por Feijóo en 2009]. Y el más cortito de la tríada, Javier Garrido Valenzuela, es, además de vicepresidente de la CEP, presidente del CFV-Círculo de Empresarios desde 2013, en este caso porque no se presentó ningún otro candidato. Cuando ni siquiera es empresario, que nunca lo fue”. (V.E. *VigoEmpresa.com*, 19-10-2014).

Vioque era avogado e participa na fundación de AP. Foi Secretario da Cámara de Comercio de Vilagarcía de Arousa e defensor de narcotraficantes como Sito Miñanco, Laureano Oubiña ou Luis Falcón “Falconetti”. *Vioque, "Don Pablo", el hombre que quiso convertir Galicia en Sicilia*, titulaba Faro de Vigo (19-12-2021), terceira entrega dunha serie sobre Historias de Narcos. O xornalista Anxo Martínez daba estes detalles sobre a vinculación política de Vioque con Alianza Popular, o partido de Manuel Fraga e Mariano Rajoy, e as súas relacións con narcotraficantes: “Pablo Vioque Izquierdo, don Pablo, fue el primer ‘narcoabogado’ español que alcanzó notoriedad. En sus años de gloria fue uno de los hombres más poderosos de las Rías Baixas; manejaba los hilos de la Cámara de Comercio y de la agrupación de Alianza Popular en Vilagarcía, y era el hombre de confianza de los más escurridizos contrabandistas de tabaco, luego reconvertidos a la cocaína. La figura de Vioque está también muy ligada al asesinato de José Manuel Vilas, considerado como el primer ajuste de cuentas del narcotráfico en las rías”.

Pascual Díez de Rivera y Casares (II Marqués de Valterra). Ría en Vigo.

Nado en Madrid o 8 de mayo de 1889 e falece en Madrid o 30 de abril de 1952. Combate no exército sublevado en 1936, sendo xefe do Sector Marítimo do Cantábrico Oriental e segundo comandante da Mariña de Guipúscoa. Despois da Guerra ascende a capitán de navío e foi nomeado Director Xeral de Pesca e comisario do Instituto Social da Mariña en 1941. Xefe do Sindicato Nacional de Pesca, procurador nas Cortes franquistas (1943-1952), ascende a vicealmirante da Armada en 1949.

Ten a Gran Cruz da Orde de Beneficiencia (1926), Encomenda con Placa da Gran Orde das Frechas Roxas (1939), Medalla de Ouro ao Mérito no Traballo (1945), Gran Cruz do Mérito Naval (1945) e Gran Cruz da Real e Militar Orde de San Hermenegildo (1948)

O actual marqués de Valterra (IV) é Carlos Espinosa de los Monteros y Bernaldo de Quirós (pai de Iván Espinosa de los Monteros, que foi fundador de Vox). En 1982 foi nomeado Presidente de Iberia por Felipe

González. Vicepresidente non executivo de Inditex de 2005 a 2012 (en 2018 tiña 167.000 accións desta compañía). Ten a Gran Cruz da Orde de Isabel la Católica.

O Pleno de Mugardos (20-11-1987), alcaldía de Manuel Fariña Doval, cambiaba a rúa Marqués de Valterra por Eduardo Pondal e o Pleno de Pontevedra (18-7-2022), alcaldía de Miguel Anxo Fernández Lores, cambiaba a rúa Marqués de Valterra por avenida da Praia de Estribela.

Cruz dos Caídos de Pontevedra

Situada na avenida de Montero Ríos, ten 16 metros de altura e levántase non terreo cedido polo concello á Falanxe en 1941. É un monumento franquista, semellante á cruz de O Castro de Vigo, como outros moitos desa época, construído para “que perpetúe el recuerdo de los héroes que sucumbieron en defensa de los santos ideales de Religión y Patria en la gesta heroica de nuestra liberación”, como recolle a acta municipal.

As crónicas da inauguración recollen a conexión co fascismo europeo e que o Xefe Provincial do Movemento dirixiu un “saludo cordial a los representantes del Fascio italiano y del Partido Nazi alemán, pertenecientes a movimientos que aspiran, como nosotros, a una justicia social”.

Cando se realizan as obras do aparcamento soterrán da Alameda o goberno municipal (alcaldía de José Rivas Fontán, de Alianza Popular, despois PP), “branquea” a Cruz dos Caídos e agora hai esta inscrición: “Monumento al Soldado. Inaugurado el 12-5-1986”.

O concello debería retirar esa cruz, superando problemas técnicos ou económicos. É unha reivindicación de asociacións memorialistas e se a corporación decide facer un “monumento ao soldado”, pode situalo noutro lugar. En todo caso, é unha decisión de carácter político, que non debería depender de interpretacións xurídicas.

“En Callosa de Segura (Alicante) se levantó una cruz en la década de 1940 en memoria de unos vecinos pertenecientes al bando franquistas y se halla en una plaza de uso público. La sentencia del Juzgado de lo Contencioso administrativo nº 1 de Elche de 15 de noviembre de 2018 desestima el recurso de la Plataforma Ciudadana en Defensa de la Cruz que alegaba que se vulneraba el derecho a la libertad religiosa” (*El Mundo*, 26-11-2018). Sinalaba a sentenza da xuíza: “A cruz foi erixida en honra e memoria dos veciños de Callosa pertencentes á facción que resultou vencedora na guerra e, por iso, débesele atribuír unha significación marcadamente política, cunha finalidade distinta da estrita manifestación da fe católica”, “carente da virtualidade de representar a todos os que profesan esa fe”. Por todo iso, consideraba que non se vulnera o dereito á liberdade relixiosa. Ademais, sinalaba a xuíza, atópase “en una plaza de suelo y dominio público”.

“La Generalitat intervendrá para retirar la Cruz de los Caídos de Alicante si el Ayuntamiento se niega”, titulaba *La Vanguardia* de 22 de novembro de 2022. Manuel Marín, concelleiro do PSOE, manifestaba que “A Cruz dos Caídos non se pode reconducir nin se pode branquear”. A “resignificación” que o alcalde do PSOE realizou en 1987 [José Luis Lassaletta foi alcalde de 1979 a 1991 e instalou unha placa co texto “A todos os homes e mulleres que morreron en defensa dos seus ideais”] non se pode soste, todos sabemos por que se construíu iso e con que finalidade”.

Cruz dos Caídos do Castro de Vigo.

Ten 12 metros de altura, foi construída polo concello de Vigo a petición da xefatura local da Falanxe e inaugurada polo ditador Franco o 14 de setembro de 1961. Foi durante moitos anos lugar de celebración de actos de exaltación do fascismo.

Abel Caballero (alcalde do PSOE con maioría absoluta) considera que esa cruz dos caídos xa non é un monumento de exaltación do franquismo, senón un símbolo relixioso. Despois de moitas peticións e mobilizacións de asociacións memorialistas como a *Asociación Viguesa pola Memoria do 36*, reclamando a súa retirada, chegaba ao Pleno de setembro de 2013 por iniciativa do BNG, pero foi rexeitada pola maioría do goberno do PSOE.

O Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo ordenaba o derrubamento da cruz en sentenza ditada en setembro de 2014, argumentando que non se trataba dun monumento relixioso, senón construído para conmemorar “la sublevación militar de 1936, de los vencedores de la Guerra Civil y de la posterior dictadura y represión [...] Es un testimonio presente del triunfo de los vencedores en la Guerra Civil y memoria de la humillación para los vencidos, sus víctimas y sus descendientes”. Pero o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia admitía o recurso de apelación do concello de Vigo e en febreiro de 2015 consideraba que, retirando a referencia a “Caídos por Dios y por España ¡Presentes! 1936-1939” e outra simboloxía fascista, quedaba reducido a un monumento relixioso “representativo de los caídos de ambos bandos”.

Sentenzas xudiciais posteriores e a propia Lei de Memoria Democrática de 2022, dan argumentos para que se retiren as cruces que non teñen textos, nomes de “caídos” ou símbolos franquistas porque prima o significado ou obxectivo polo que foron levantadas. O Decreto de 1 de abril de 1940, un ano despois da vitoria fascista, para a construción da Basílica e a Cruz dos Caídos en Cuelgamuros (El Escorial) deixaba moi claro que o obxectivo deses monumentos franquistas era “perpetuar a memoria dos caídos na nosa gloriosa Cruzada”, é dicir, exaltar a quen faleceron loitando no exército sublevado o 18 de xullo de 1936..

Ángel Gabilondo, “Defensor del Pueblo”, a petición do PSPV-PSOE de Elxe, instaba en xaneiro de 2024 ao goberno municipal (PP-Vox) á retirada da cruz dos caídos do Paseo de Germanías desa cidade con esta argumentación: “É un elemento contrario á memoria democrática e á dignidade das vítimas que deben ser retirados ou eliminados. Non hai ningún elemento máis aló do testemuño do concello ilicitano que apoie a resignificación do monumento franquista como un suposto símbolo da concordia. O feito de que o monumento non teña ningunha inscrición non exclúe de forma automática que teña un significado contrario á memoria democrática, pois, como é obvio, os propios elementos arquitectónicos poden telo por si mesmos sen necesidade de evidencialo cunha placa ou unha inscrición. Así, o significado que ese concello trata de dar do monumento non parece coincidente coa realidade social e histórica que este ten no municipio de Elxe. Hai que ter en conta que o sentido que a alcaldía, ou a maioría actual dese concello, quere dar hoxe ao monumento non lle desposúe do seu real significado. O monumento mantén o significado atribuído con ocasión da súa construción en 1944 e non suscita o consenso social necesario que permitiría a súa permanencia no espazo público”. Por outra parte, o grupo municipal do PSPV de Elxe acusaba a PP e Vox de enmascarar un monumento franquista como un símbolo da concordia.

O concello de Castellón (daquela con alcaldía do PSOE), despois de catro anos de contenciosos xudiciais, retiraba a cruz dos caídos do Parque Ribalta o 4 de xaneiro de 2023. En 1979, con alcaldía do PSOE, foi

“resignificada” substituíndo o texto “Caídos por Dios y por España. Presentes”, por “A las víctimas de la violencia”, mantendo a cruz, que é retirada agora en aplicación da Lei de Memoria Democrática (LMD). A concelleira de Memoria Democrática manifestaba: “Esta non é unha cuestión de cruces, senón de monumentos á ditadura, que non fomentan a democracia e deben retirarse da vía pública”. No concello de Neda o goberno municipal (alcaldía do PSOE con maioría absoluta) tamén falaba dunha “resignificación”, votando en contra en dous plenos municipais da proposta do BNG de retirar a cruz, pero, finalmente, a cruz foi retirada por unanimidade, tamén co voto a favor do PSOE e PP, o 16 de outubro de 2024.

Seguindo este criterio do PSPV-PSOE de Castellón, confirmado por sentenza xudicial, e outros moitos exemplos, como o de Neda, debería retirarse a cruz dos caídos de Vigo que tamén foi “resignificada” e que agora ten unha placa coa inscrición “Polos mortos da Guerra Civil 1936-1939. 30 xuño 1981”.

